



CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 201 de 26/09/2018 resolveuse aprobar a convocatoria para o presente exercicio de 2018 das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva que se rexerán pola bases reguladoras que constan nas Bases de Execución do Orzamento de 2018 e que son as seguintes:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS, ANO 2018

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Folgoso do Courel, para a colaboración do Concello na celebracións das festas parroquiais ao abeiro do artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local: promoción da cultura.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A presentes bases teñen por obxecto regular o establecemento de axudas económicas para a celebración das festas parroquiais en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria tódalas parroquias e lugares do Concello de Folgoso do Courel que promovan festas populares, actuando como representantes os organizadores das mesmas e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda e que contén coas autorizacións necesarias ou presentación de comunicacións previas para a súa celebración.
- b) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- c) Estar ao corrente das obrigas tributarias coa administración Estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de Folgoso do Courel, coa expresión "Colabora Concello de Folgoso do Courel".
4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

O importe de cada subvención non poderá superar os 100,00 € por festa, e os 500,00 € no caso das celebradas nos dous núcleos de maior entidade: Folgoso do Courel e Seoane do Courel.

O importe máximo a subvencionar será de 2.000,00 €, importe consignado na aplicación 338.48 do orzamento municipal para o exercicio 2018

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aqueles gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados coas festividades locais levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018. Non se subvencionarán gastos de comidas.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de novembro de 2018**

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinado por persoa física ou presidente/representante da entidade organizadora da actividade.

2. Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídica e do NIF no caso de persoas físicas. No caso de que se trate dunha agrupación de persoas ou comisión de festas deberán facer constar o nome de tódolos membros e acompañarán do DNI de cada un deles.

3. Memoria explicativa da actividade realizada, con especificación da data, lugar de realización, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos e orzamento de gastos da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada.

4. Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.

5. Declaración responsable da entidade solicitante na que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.

6. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica e Local, nin á Seguridade Social.

7. Facturas orixinais das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa, as facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo do pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.

8. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Serán subvencionables os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados cas festividades locais.

No caso de que o proxecto se adecúe a finalidade da subvención percibiranse as seguintes cantidades como máximo:

Festas en Folgoso e Seoane do Courel: 500,00 €

Festas no resto de lugares do municipio: 100,00 €.

No caso de que o número de solicitudes sexa superior o importe establecido como máximo, reducirase proporcionalmente.

7.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

8.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para o mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, co conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación de subvencións e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a condición de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia así como o disposto nas bases de execución do orzamento municipal.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CIP POETA UXÍO NOVONEYRA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil no CIP POETA UXÍO NOVONEYRA do Concello de Folgoso do Courel en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroadas e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil de 3 a 5 anos no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2018-2019
3. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 150 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2018-2019. Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2018 ata un total de 1.500 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de novembro de 2018**

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar correspondente ao curso escolar 2018/2019
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2017, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, co visto e prace do/a Concelleiro/a de Asuntos Sociais.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CIP POETA UXÍO NOVONEYRA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Primaria e de Educación Secundaria no CIP POETA UXÍO NOVONEYRA do Concello de Folgoso do Courel en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroados e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación primaria ou secundaria no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2018-2019
3. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 50 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación primaria e secundaria no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2018-2019. Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2018 ata un total de 1.500 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de novembro de 2018**

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.

- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra de material escolar correspondente ao curso escolar 2018/2019.
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDIMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2017, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, co visto e praxe do/a Concelleiro/a de Asuntos Sociais.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE ANO 2018

1. OBXECTO.

O obxecto das medidas contempladas na presente ordenanza será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de

Folgo do Courel e por outro, diseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo mediante axudas a familias que teñan ou adopten un fillo/a no Concello de Folgo do Courel para os gastos de alimentos infantís ou produtos de hixiene ou farmacia para o bebé en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estean empadroados no Concello de Folgo do Courel e que teñan ou adopten un fillo/a e cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que todos os membros da unidade familiar estean empadroada e teñan residencia efectiva no Concello de Folgo do Courel

2.- Un membro da unidade familiar deberán estar empadroados no Concello de Folgo do Courel cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.

2.-Os nenos/as nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Folgo do Courel.

3.-Os membros da unidade familiar deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, tanto o pai/nai como os nenos/as, por un período de tres anos dende o nacemento ou adopción.

4.-O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Folgo do Courel.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

5.- Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Folgoso do Courel, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

6. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

7. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en transporte para a realización de estudos fóra do Concello.
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3. TIPOS E CONTIAS DAS AXUDAS.

1.-As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin presentaranse no rexistro xeral do Concello de Folgoso do Courel.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación:

- 1.-Certificado de padrón da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- 2.-Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 3.-Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/s fillo/as, de selo caso.
- 4.-Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- 5.-Compromiso de seguir empadroados no Concello de Folgoso do Courel por un período mínimo de tres anos.
- 6.-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- 7.- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición para ser beneficiario de subvencións.
- 8.-Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda.
- 9.- Facturas de gastos aos que se aplicou a axuda que deberán ser en alimentos infantís, produtos de hixiene e farmacia para o bebé.
10. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2018. No caso de que o nacemento ou adopción se produza no mes de novembro ou decembro o prazo finalizará o 31 de xaneiro de 2019.

5. ÓRGANOS DE RESOLUCION E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

1.-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais e Intervención, competará á Alcaldía.

2.-O prazo para resolver será DUN MES desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

6. PUBLICIDADE E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

7. FINANCIACIÓN.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.48 do orzamento municipal para o 2018, ata un total de 2.500 euros para o exercicio.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

8. NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución

do orzamento xeral do Concello de Folgoso do Courel para o 2017, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local

aplicable.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDANTES DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL

1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxectivo regular as axudas para os billetes de transporte público ou facturas de gasolina/gasóleo de vehículos propios, utilizados polos/as xoves empadroados/as en Folgoso do Courel, coa finalidade de axudar na súa formación durante a etapa educativa do Bacharelato, Formación Profesional ou Universitaria, fóra do concello en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as axudas os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.-Estar empadroado/a e con residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel
- 2.-Ter entre 16 e 30 anos de idade, cumpridos no momento de presentar a súa solicitude.
- 3.-Non ter ingresos propios do/a solicitante.
- 4.-Cursar estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou Universitaria que estean regulados.
- 5.-Que viaxe diariamente ou resida fóra do concello.
- 6.-Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social.
- 7.-Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.
- 8.-Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 13 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍAS DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 150 euros por cada solicitante. A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2018 ata un total de 1.000 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de novembro de 2018**

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante.
- 2) Certificado de empadramento
- 3) Copia da matrícula do curso 2018-2019
- 4) Declaración responsable de que non se teñen ingresos propios.
- 5) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

Folgoso do Courel, 27 de setembro de 2018.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2722

LUGO

Anuncio

De conformidade co acordo da xunta de Goberno Local número 12/544 do 26/09/2018 apróbanse as bases polas que se regula a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no Segundo Ciclo de Educación Infantil para o curso escolar 2018-2019 incluídas no IV Plan Estratéxico de subvencións do Excmo Concello de Lugo, actualización do mesmo por acordo número 17/532 da Xunta de Goberno Local do 19/09/2018

“Vistos:

1. Certificación da Tesourería Municipal do día 28 de maio de 2018, CP. 183200003 e coa consignación de 40.000€ (mandamento contable 52650/18) na aplicación 32600.48100 do vixente presuposto municipal.
2. Informe-proposta da pedagoga do Servizo de Educación do día 19 de setembro de 2018 ao que prestou a súa conformidade o Tenente de Alcalde Delegado da Área de Educación e Infraestructuras e o Xefe de Servizo de Contratación.

3. Informe de Intervención do día 19 de setembro de 2018, e número de referencia 530 coa fiscalización favorable, que tamén consta no expediente.

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O outorgamento de subvencións é unha técnica utilizada polo Concello de Lugo para o fomento e protección dos dereitos fundamentais, a través dun procedemento de concorrencia competitiva, axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, que permite, neste caso concreto, a prestación de “axudas á familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil.”

2º.- A experiencia dos últimos anos e o aumento do número de persoas que solicitaron axudas e a vista dos resultados acadados, fan procedente a convocatoria para este exercicio 2018/19 de subvencións para a compra de libros, como unha forma de apoio a aquelas familias que teñan serios problemas para poder cumprir co obxectivo fundamental de dotar aos seus fillos dunha educación digna.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Visto o artigo 25 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesións de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras das subvencións.

2º.- Considerando que o Concello de Lugo ten aprobado o IV Plan estratéxico de subvencións, actualización ano 2018, para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva e que estas bases se axustan a él, por acordo núm 17/532 da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 19 de setembro de 2018.

É polo que, logo dos trámites oportunos, e de conformidade co acordo 4/455 no seu punto primeiro u), **se lle propón á Xunta de Goberno Local** a adopción da seguinte resolución:

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso 2018-2019, de conformidade co establecido nas presentes bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto inicial de **40.000 euros**, con cargo á partida **32600.48100** do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes “BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2018-2019”.

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

Esta bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estoxos, mochilas e material de papelería) para educación infantil, para alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.

2º.- Contía que se vai subvencionar.

O importe inicial destinado a estas axudas ascende inicialmente a **40.000€**.

A contía individual das axudas será de **100€**, consistente nun vale desconto para trocar nas librerías do Concello de Lugo. A convocatoria financiarase con cargo á **partida 32600.48100** do vixente presuposto do Concello de Lugo.

3º.- Persoas beneficiarias.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

3.1. Os membros da unidade familiar do alumnado deberán estar empadroados no municipio de Lugo. A Área de Educación solicitará de oficio a Estatística os xustificantes de convivencia das/os membros da unidade familiar dos solicitantes destas axudas.

3.2. A orde de preferencia para a adxudicación das axudas será:

Primeiro. Aquelas alumnas e aqueles alumnos cuxa renda “per cápita” neta anual do núcleo familiar non supere os 5.000 €, e establécese como único criterio de baremo a contía da renda de menor a maior.

Segundo. No caso de que o número de solicitudes non supere o número de bolsas ofertadas, seguiranse dando bolsas a aqueles beneficiarios e beneficiarias cuxa renda sexa superior a 5.000 € pero que non supere os 6.000€.

3.3. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar no centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

3.4. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas, sendo polo tanto estas axudas incompatibles con calquera outra axuda.

3.5. A renda familiar para os efectos de bolsa obterase por agregación das rendas do exercicio 2017 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Os datos económicos para ter en conta nas rendas familiares para determinar os ingresos serán os calculados por agregación da base imponible xeral (casiña 415) coa base imponible do aforro (casiña 435), calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o cálculo da renda familiar para os efectos de bolsa, son membros computables da familia: o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, se é o caso, a persoa solicitante, as e os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos, e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2017 ou as e os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores, co certificado municipal correspondente.

No caso de solicitantes que constituán unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou a persoa á que estea unida por análoga relación, así como as e os fillos, se os houberse.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante da bolsa, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

Terá a consideración de membro computable, se é o caso, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto destas no BDNS no Boletín Oficial da Provincia e se inserirán no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello, acompañada dos documentos e informacións que procedan.

2.- A persoa interesada deberá acompañar a solicitude da seguinte información:

- a) Solicitude en modelo específico subscrita pola persoa interesada.
- b) Fotocopia do DNI da nai e do pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno.
- c) Fotocopia cotexada do libro de familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es da persoa solicitante.
- d) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
- e) Declaración responsable de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.
- f) Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal; e certificación de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social. Así mesmo comprobarase, tras autorización da persoa interesada, incluída na solicitude, da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias fronte ao Estado e Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén, é de oficio, comprobarase a circunstancia de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias municipais.
- g) Certificación expedida pola Agencia Tributaria expresiva da declaración da renda do exercicio 2017 (ver punto 3.5)
- h) Documentación acreditativa dos ingresos daquelas persoas en situación de divorcio, separación ou nulidade matrimonial (sentenza xudicial e convenio regulador).
- i) Certificación ou certificacións do centro onde as e os alumnos realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculadas e matriculados. Tal certificación aportarase por aqueles solicitantes aos que lles sexa concedida axuda dentro do período establecido para a entrega de vales.

O Servizo de Educación presentará unha memoria explicativa da actividade que se vai levar a cabo.

5º.- Procedemento.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de Subvencións coas seguintes precisións:

1. Presentadas as solicitudes en calquera dos Rexistros Públicos establecidos legalmente, remitiráselle á Área de Educación, que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

2. O órgano instrutor será un/unha técnico/a competente do Servizo Municipal de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da Ordenanza municipal de subvencións.

3. A Comisión de Valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición:

- Presidenta/e: Pedagoga da Área de Educación.
- Vogais: persoal do servizo correspondente designado para o efecto
- Secretaria/o: Vicesecretaria do Concello de Lugo.

4. Valoradas as solicitudes recibidas procederase á publicación das listaxes provisionais cun prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións pola Comisión de Valoración, de ser o caso, procederase á

publicación definitiva das axudas, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local a concesión das mesmas.

